



Guía Docente

Datos Identificativos					2012/13
Asignatura (*)	Actividade Física e Investigación en Antropometría		Código	653862210	
Titulación	Mestrado Universitario en Asistencia e Investigación Sanitaria (plan 2012)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	CastelánGalego				
Prerrequisitos					
Departamento	Educación Física e DeportivaMedicina				
Coordinación	Agrasar Cruz, Carlos Maria		Correo electrónico	carlos.agrasar@udc.es	
Profesorado	Agrasar Cruz, Carlos Maria Pombo Fernandez, Manuel Jose		Correo electrónico	carlos.agrasar@udc.es manuel.pombo@udc.es	
Web	www.udc.es/fcs/ga/index.htm				
Descrición xeral	<p>A asignatura ten como obxectivos introducir ao alumnado no campo da actividade física relacionada coa saúde, para permitirlle adquirir os coñecementos tanto teóricos como prácticos. Abórdanse aspectos da fisioloxía do exercicio, composición corporal e aspectos relacionados coa prescrición de exercicio e a saúde. A Antropometría é unha disciplina moi utilizada no eido das Ciencias do Deporte e a Saúde, utilizándose parámetros antropométricos na valoración e control do exercicio físico e no control ponderal e nutricional.</p> <p>Outro obxectivo é proporcionar as bases que permitan comprender os procesos patolóxicos que afectan aos seres humanos, para mitigar os seus efectos cunha adecuada prescrición de exercicio.</p> <p>Por último, fomentar e desenvolver no alumnado unha conciencia crítica e unha inquietude investigadora que sirva de cauce para esta formación en estudos de terceiro ciclo.</p>				

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación
A1	Capacidade para elixir e aplicar as metodoloxías de investigación mais adecuadas á investigación proposta.
A2	Capacidade para o deseño experimental e o completo desenvolvemento de proxectos de investigación no ámbito sanitario, desde a formulación da hipótese de investigación ata a comunicación dos resultados.
A3	Adquirir un sentido ético da investigación sanitaria.
A4	Obter un substrato teórico suficiente para comprender o entorno clínico de aplicación das técnicas de investigación.
A5	Adquirir o coñecemento da realidade investigadora nun ámbito concreto das ciencias da saúde.
B1	Capacidade para aplicar o método científico na planificación e o desenvolvemento da investigación sanitaria.
B2	Fluidez e propiedade na comunicación científica oral e escrita.
B3	Compromiso pola calidade do desenvolvemento da actividade investigadora.
B4	Capacidade de análise e de síntese.
B5	Habilidade para manexar distintas fontes de información.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación



Adquirir coñecementos sobre as bases da actividade física e o exercicio e a súa relación coa saúde.	AM1 AM4		
Adquirir coñecementos sobre a estrutura e función dos diferentes aparatos e sistemas corporais que interveñen na práctica da actividade física e do exercicio.	AM1 AM2 AM4 AM5		
Adquirir coñecementos sobre as bases da antropometría e a súa utilización no ámbito do exercicio físico relacionado co a saúde.	AM4 AM5		
Coñecer cales son as repercusións fisiolóxicas dunha axeitada práctica de exercicio e as lesións que se poden producir cunha mala práctica, así como as recomendacións de exercicio en distintas patoloxías.	AM1 AM4	BM4	
Coñecer as liñas de investigación actuais no eido da actividade física e a saúde así como os programas de intervención.	AM1 AM2 AM3 AM5	BM3 BM4 BM5	CM3 CM6
Coñecer e saber realizar sesións prácticas de diferentes tipos de adestramento (forza, flexibilidade, resistencia).		BM1 BM5	CM3 CM6 CM8
Adquirir a capacidade de elaborar e expoñer un traballo en público.		BM2 BM5	CM1 CM3 CM6

Contidos	
Temas	Subtemas
CLASES TEÓRICAS	CLASES PRÁCTICAS-SEMINARIOS
Tema 1.- Relación entre a actividade física e a saúde: estilos de vida saudables.	- Quencemento: aspectos prácticos.
Tema 2.- Estrutura e función do sistema cardiovascular e o aparato respiratorio.	- Flexibilidade: sesión práctica.
Tema 3.- O músculo esquelético: estrutura e función.	- Forza: sesión práctica.
Tema 4.- Antropometría: aplicacións. Composición corporal.	- Resistencia: sesión práctica.
Tema 5.- O quencemento: aspectos teóricos. Temas 6.- A flexibilidade: bases anatómicas. Tema 7.- A forza: bases para o adestramento da forza.	- Antropometría: taller práctico.
Tema 8.- Teoría do adestramento aeróbico. Tema 9.- Ergonomía e ximnasia laboral.	- Seminarios de discusión bibliográfica de aplicación do exercicio físico e parámetros antropométricos ás distintas patoloxías.
	- Exposición pública dos traballos tutelados.

Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	6	12	18
Análise de fontes documentais	4	0	4
Lecturas	0	20	20
Proba obxectiva	2	0	2
Traballos tutelados	1	12	13
Práctica de actividade física	8	8	16
Atención personalizada	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Clases teóricas a todo o grupo de alumnos.
Análise de fontes documentais	Lectura e discusión de artigos de revistas que comprendan os aspectos máis relevantes das investigacións actuais no eido da antropometría e da actividade física en relación coa saúde.
Lecturas	Lecturas de capítulos recomendados de libros e revistas científicas, completada cunha busca bibliográfica do tema do traballo tutelado.
Proba obxectiva	Proba final consistente en responder a varias preguntas curtas referidas aos contidos teóricos da asignatura.
Traballos tutelados	Realización dun traballo tutelado no que o alumno/a deberá expoñer un tema de antropometría e/ou de actividade física e saúde preferiblemente relacionado coa actividade laboral que desempeña o alumno/a ou que pensa desenvolver no futuro.
Práctica de actividade física	Sesións prácticas de métodos antropométricos. Sesións de quencemento, exercicios de flexibilidade, e circuitos de forza e resistencia aeróbica.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Práctica de actividade física	Enténdese por atención personalizada o tempo que cada profesor reserva para atender e resolver dúbidas ao alumnado en relación a unha materia concreta.
Traballos tutelados	<p>Comprenderá toda a actividade académica desenvolvida polo profesorado (de xeito individual ou en pequeno grupo) que ten como finalidade atender as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.</p> <p>Esta actividade pode desenvolverse de forma presencial (directamente na aula, nas prácticas e nos momentos que o profesor ten asignados a titorías de despacho) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico ou do campus virtual).</p>

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba obxectiva	Exame consistente en preguntas curtas de tódolos contidos teóricos e prácticos.	50
Traballos tutelados	Avaliación baseada na organización, relevancia, exposición pública e bibliografía actualizada do traballo.	50

Observacións avaliación

Será necesaria unha asistencia a un mínimo do 50% do total das sesións teóricas e prácticas da asignatura.

Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións



As sesións prácticas aconsellan a utilización de roupa deportiva.As sesións de prácticas de antropometría faránse coa menor roupa posible (bañador en homes e bikini en mulleres).

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías